 - Cando a subvención solicitada sexa superior ós 3.000,00 euros, deberá aportarse certificación orixinal de estar ó corrente das súas obrigas tributarias expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e certificación expedida pola Seguridade Social de estar ó corrente das súas obrigas fronte a aquela. A presentación da certificación de estar ó corrente das súas obrigas tributarias poderá ser substituída por unha autorización ó Concello de Outes para a súa obtención por medios telemáticos.

4.- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos, o órgano instructor requerirá ó interesado para que a enmende no prazo máximo de 10 días, indicándolle que de non facelo daráselle por desistido da súa solicitude que será arquivada sen mais trámites.

5.- Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes somentes poderán presentarse solicitudes novas para as actividades obxecto da presente convocatoria, que sexan debidas a circunstancias novas ou causas imprevisibles e execpcionais que impidiran a súa presentación no prazo previsto nestas Bases. A concurrencia destas circunstancias deberá acreditarse detalladamente na solicitude, correspondendo ó órgano competente para a concesión das mesmas a apreciación da efectiva concurrencia ou non destas circunstancias. Nestes casos, os requisitos, documentación e procedemento de concesión serán os previstos nestas Bases.

SETIMA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

- 1.- O procedemento de concesión das subvencións tramítase en réxime de concurrencia competitiva.
- 2.- O órgano competente para a concesión será a Xunta de Goberno Local, á vista da proposta da Comisión Avaliadora, e no seu caso, do informe das Concellería de Cultura e Deportes.
- 3.- A Comisión Avaliadora estará formada polos seguintes membros:
 - PRESIDENTE: O Alcalde do Concello ou persoa en quen delegue
 - SECRETARIO: O Secretario do Concello ou persoa en quen delegue. Actuará con voz pero sen voto.
 - VOCALIS:
 - O Concelleiro de Facenda
 - O Concelleiro de Cultura e Deportes
 - O Concelleiro de Xuventude
 - A Concelleira de Asuntos Sociais e dos maiores.

Para a válida constitución da Comisión deberán concurrir, ao menos, tres dos seus membros. A proposta da Comisión realizarase mediante acordo que deberá ser adoptado pola maioría simple dos membros presentes na sesión. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

- 4.- O órgano instructor será o secretario do Concello, ou persoa en quen delegue. O instructor poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales dicitarse a proposta de resolución.
- 5.- O acordo da Xunta de Goberno polo que se resolva o procedemento será notificado individualmente ós beneficiarios, para que nun prazo de 10 días comuniquen a súa aceptación ou renuncia á subvención concedida. Transcurrido o prazo sin manifestación expresa dos beneficiarios, entenderáse aceptada tácitamente a subvención concedida e publicarase no Taboleiro de anuncios da Corporación a relación de subvencións concedidas e denegadas.
- 6.- O prazo de resolución e notificación do procedemento será de 3 meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento deste prazo sin resolución expresa suporá a desestimación por silencio administrativo da solicitude presentada.

OITAVA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

A concesión e valoración da contía das subvencións determinarase de acordo cos seguintes criterios, que se valorarán cada un deles de 0 a 10 puntos:

- A) Representatividade da Entidade no Municipio.
- B) Grao de interese xeral ou sectorial das actividades propostas
- C) Número de beneficiarios das actividades propostas
- D) Coordinación e complementariedade das actuacións propostas cos programas municipais
- E) Carácter permanente ou periódico das actividades.
- F) No programa de actividades deportivas, número de licencias federativas e categorías nas que se desenvolven as actividades.

A puntuación mínima para a concesión de subvencións será de 20 puntos para as solicitudes do programa de actividades culturais e de 24 puntos para as solicitudes de programa de actividades deportivas, debendo obter, neste último caso, alomenos 4 puntos no apartado F) do párrafo anterior (numero de licencias federativas e categorías).

A estes efectos, na Memoria explicativa deberá expoñer toda a información relevante para a valoración das solicitudes de acordo cos anteriores criterios, sin perxuízo de que o instructor do procedemento poida requirir a información e documentación necesaria para a valoración das solicitudes.

NOVENA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realiza-las actividade que motiva a concesión da subvención.
- b) Xustifica-lo cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou disfrute da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro a realizar polos órganos de control competentes do Concello ou nacionais ou comunitarios, aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ó corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- f) Facer constar en tódalas actividades que están subvencionadas polo Concello de Outes.
- g) Conserva-los documentos xustificativos dos fondos recibidos
- h) En xeral, as previstas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

DECIMA.- XUSTIFICACION DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS.

1.- Unha vez realizadas as actividades para as que se concederon subvencións os beneficiarios deberán xustificar os gastos e ingresos derivados de aquelas. A tal efecto deberán presentar a conta xustificativa no modelo normalizado que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello. A non presentación en prazo e forma da xustificación suporá a perda total da subvención concedida.

2.- O prazo máximo de presentación da xustificación será de tres meses dende a notificación da concesión. Excepcionalmente, cando pola duración das actividades obxecto de subvención, ou polas datas de realización das mesmas non se poida presentar a conta xustificativa no prazo de 3 meses, o beneficiario deberá comunicar ó Concello tal circunstancia, indicando as razóns que impiden a presentación e a data máxima na que se poderá presentar a conta xustificativa. A Xunta de Goberno, á vista da comunicación do beneficiario, e valorando as circunstancias individuais, poderá autorizar un prazo maior de xustificación, que en todo caso non excederá do 15 de decembro de 2008.

3.- As entidades beneficiarias deberán presentar xustificantes, como mínimo, pola totalidade dos gastos do presuposto de cada unha das actividades subvencionadas. En todo caso, o importe dos gastos que se xustifiquen documentalmente deberá ser igual ou superior á totalidade dos ingresos obtidos por calquera concepto (axudas ou subvencions públicas ou privadas, cuotas de inscrición, cuotas de socios, recursos propios, etc) derivados da actividade subvencionada. Os xustificantes dos gastos deberán corresponder ós gastos ocasionados para o cumprimento das actividades e das finalidades para as que foi concedida a subvención, non admitíndose gastos realizados para finalidades ou actividades diferentes ou que non garden relación directa coas actividades subvencionadas, nin a imputación de gastos indirectos, xerais ou de estrutura. A estes efectos teranse en conta os conceptos que figuren nas facturas ou documentos xustificativos dos gastos e no orzamento presentado na solicitude de subvención.

4.- Admitiránse como xustificantes facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, orixinais ou fotocopias compulsadas. As facturas deberán cumprir os requisitos do Real Decreto 1496/2003, polo que se regulan as obrigas de facturación. En particular, deberán figurar desglosados os diferentes conceptos e os seus precios unitarios, así como a base imponible, o tipo de IVE aplicado e a cuota de IVE correspondente.

A xustificación de gastos de persoal realizarase mediante nóminas asinadas polo perceptor e TC1 eTC2 acompañados dos xustificantes de pagamento.

5.- No caso de que a xustificación presentada presentase defectos ou erros, darase ó beneficiario un prazo de 10 días para a súa subsanación. De non presentarse a subsanación, terase por non presentada a xustificación, sin que se produza interrupción algunha do prazo de xustificación, e quedando o beneficiario a presentar unha nova conta xustificativa de acordo coas presentes Bases.

6.- En caso de que os gastos xustificados sexan inferiores ó presuposto da actividade, tal e como se definen no apartado terceiro desta base, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, aplicando o coeficiente de financiamento ó importe dos gastos correctamente xustificadas. O coeficiente de financiamento calcularase dividindo o importe da subvención concedida entre o presuposto presentado polo solicitante da actividade obxecto de subvención. O importe da subvención a aboar será o resultado de multiplicar o coeficiente de financiamento entre os gastos correctamente xustificadas.

Si a suma total dos ingresos obtidos pola actividade tal e como se definen no apartado terceiro desta base fose superior ós gastos debidamente xustificadas, reduciráse o importe da subvencion outorgada polo Concello na contía que os ingresos obtidos superen os gastos.

7.- A xustificación será aprobada polo órgano concedente da subvención.

UNDECIMA.- PAGAMENTO DA SUBVENCION.

O Concello aboará o importe da subvención unha vez presentada a conta xustificativa e aprobada polo órgano competente. Excepcionalmente, e cando así se indique expresamente na solicitude, o órgano competente para a concesión das subvencións poderá acordar o abono da subvención con anterioridade á xustificación, por razóns excepcionais que deberán detallarse e motivarse con claridade na solicitude da subvención.

DUODECIMA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS. REINTEGRO DAS AXUDAS.

O incumprimento polo beneficiario das súas obrigas ou da finalidade da axuda dará lugar ó reintegro total ou parcial, según proceda, da axuda percibida, mais os xuros de demora, nas condicións e de conformidade co establecido na Ley 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

En materia de infraccións e sancións estarse ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Outes, 17 de marzo de 2008

O Alcalde

Asdo.: Carlos E. López Crespo

08/4103-x

RIBEIRA

ANUNCIO

Anuncio de desafectación de parcela e posterior cesión gratuita ó Ministerio do Interior para a construción da nova Comisaría de Policía

Por Providencia de Alcaldía de data 03 de abril de 2008, iniciouse o expediente de alteración da cualificación xurídica da parcela situada na área de reparto do solo urbanizable (S.U.Z. 4), no lugar de Fontán (O Touro), deste termo municipal, dunha superficie de 2000,74 metros cadrados, cun aproveitamento edificable de 1m2/m2, a segregar da parcela inscrita co número 28.820 no Rexistro da Propiedade de Noia, e que presenta os seguintes lindeiros: Norte, parcela nº 04, destinada a vial, resto de finca matriz e terreo de Manuel de Dios; Sur, terreo de Manuel de Dios; Este, resto e finca matriz; e Oeste, parcela de Manuel de Dios; para a súa desafectación do dominio público, quedando cualificada como ben patrimonial.

Así mesmo, procedeuse a iniciar expediente de cesión gratuita da mencionada parcela ó Ministerio do Interior - Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil para a construción da nova Comisaría do Corpo Nacional da Policía.

O que se fai público polo prazo dun (1) mes para que, examinados os expedientes, poidan formularse as reclamacións e observacións que se estimen procedentes.

Riveira, 03 de abril de 2008

O Alcalde, acctal.

Asdo: Vicente García Rivas.

08/4225-x

RIBEIRA

ANUNCIO

Anuncio de poxa de vehículos abandonados

Por Providencia de Alcaldía de data 02 de abril de 2008, resolveuse declarar abandonados os vehículos que se relacionan no anexo e incoar o expediente para proceder á poxa de todos eles. Os vehículos atópanse depositados no depósito municipal, sito no polígono de Xarás, s/n de Riveira.

En cumprimento do disposto no artigo 615 do Código Civil, e de conformidade co establecido na Orden de 14 de febreiro de 1974, ponse en cofiecemento dos titulares dos vehículos que se relacionan no anexo a apertura dos expedientes para a súa execución, por non poder ser conservados na mencionada instalación sin sensible deterioro.

Cantas persoas se consideren afectadas poderán formula-la oportuna reclamación dentro do prazo de oito días a contar desde o seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Os vehículos irán destinados a material non utilizable.

O sistema de adxudicación dos vehículos será o de poxa á plana, non admitíndose posturas inferiores ós 500 euros por tódolos vehículos; celebrarase no depósito municipal sito no polígono de Xarás, s/n de Riveira, ás dez horas do decimoquinto día hábil, a contar desde o seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia (si resultase ser sábado, celebrarase o primeiro día hábil seguinte); e referirase ós vehículos que se relacionan a continuación sobre os que non se solicitou a súa devolución por persoas que acreditasen selos seus lexítimos donos e non se procedeu ó pago das taxas devengadas.

A forma da subasta dos vehículos será nun único lote, e únicamente poderán licitar aquelas persoas que se atopen de alta no Imposto de Actividades Económicas, e estean autorizadas pola Xunta de Galicia como Xestores de Resíduos de Vehículos ó final da súa vida útil; o que deberán acreditar no acto da poxa.

Non se admitirán posturas que o Concello considere como insuficientes.

Os adxudicatarios dispoñen dun prazo de 48 horas, seguintes á poxa, para satisfacer en efectivo o prezo do remate e para retirar-los vehículos. Os que non sexan retirados no devandito prazo entenderáse que o adxudicatario renuncia de xeito tácito ós mesmos e non se procederá por parte da Administración á devolución do prezo do remate.

Deberá procederse a comunica-la baixa dos vehículos al-leados na poxa á Xefatura Provincial de Tráfico, así como a dalos de baixa no correspondente padrón do Imposto municipal sobre vehículos de tracción mecánica.

No caso de que os vehículos se atopen embargados, depositarse o importe da poxa a disposición dos acreedores.

Os vehículos enténdense cedidos nas instalacións do depósito municipal, sito no polígono de Xarás, s/n de Riveira, sendo tódolos gastos que ocasione o traslado de conta dos adxudicatarios.

ANEXO: VEHÍCULOS EN ESPERA DE POXA

Número	Matricula/Bastidor	Marca	Modelo
1	C-5846-AG	Volkswagen	Golf
2	C-0541-AT	Volkswagen	Golf
3	C-0118-AM	Ford	Escort
4	C-7580-AW		
5	81.16.BZ	Fiat	Tipo
6	C-5235-AZ	Fiat	Croma
7	PO-5489-BK	Renault	Laguna
8	7826-BXR	Audi	A3
9	PO-5013-1313	Volkswagen	Golf
10	C-6566-BG	Opel	Astra
11	C-0460-AH	Renault	21
12	LU-2618-K		
13	M-7279-MJ		
14	C-0353-BH		
15	C-1252-BHJ	Gilera	Runner
16	PO-9947-AJ		
17	C-7104-BRT	Beta	50 cc
18	C-2710-BBD	Derbi	Variant
19	C-5308-AN		
20	C-5680-BLC		
21	C-3388-BMG		
22		Derbi Variant	
23	C-1098-BNV	Gilera	
24	C-3723-BKK	Piaggio	
25	Carece	Derbi	Variant
26	M-8460-PF	Renault	Space
27	3538BBR	Honda	Civic

Riveira, 02 de abril de 2008,
A ALCALDESA, acctal
Asdo/. M^a Dolores Elorduy Callón.

08/4226-x

SADA**ANUNCIO**

Bases I Concurso de Poesía en Lingua Galega Concello de Sada

O sr. Alcalde, mediante o decreto número 486, de data 3 de abril de 2008, prestou aprobación ás seguintes:

BASES I CONCURSO DE POESÍA EN LÍNGUA GALEGA**CONCELLO DE SADA**

O Departamento de Cultura do Concello de Sada convoca o I Premio de Poesía en Lingua Galega con motivo do Día das Letras Galegas, con arranxo ás seguintes Bases:

ARTIGO 1º. Organización

A Comisión organizadora estará formada por membros do Departamento de Cultura e escritores e poetas galegos/os.

ARTIGO 2º. Participantes

A este premio poderán concorrer os poetas a partires dos 8 anos de idade e residentes no ámbito da Comunidade Autónoma Galega, aportando documento de Identidade ou calquera outro que acredite dita premisa.

ARTIGO 3º. Normas de participación

a) As obras presentadas estarán redactadas en idioma galego.

b) Os orixinais, con liberdade de tema e forma, deberán ser inéditos na súa totalidade e ter unha extensión non inferior a 10 versos nin superior a 30.

c) Remitirase UN só exemplar, en folios mecanografiados a dobre espazo por unha soa cara, debidamente numerados e asinados cun pseudónimo.

d) Establécense as seguintes categorías:

- De 8 a 11 anos de idade.
- De 12 a 17 anos de idade.
- Maiores de 18 anos de idade.

e) As obras presentadas non poderán ter recibido anteriormente á convocatoria deste concurso ningún tipo de premio.

f) As/os finalistas seleccionados comprometeranse a acudir á lectura dos seus poemas na Gala das Letras Galegas que organiza o Concello de Sada o sábado 17 de maio no Auditorio da Casa da Cultura "Pintor Lloréns".

g) En ningún caso devolveránse os exemplares presentados nen se manterá correspondencia respecto diso. Todas as obras non premiadas serán destruídas.

h) A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases.

ARTIGO 4º. Inscripción

Os orixinais presentaranse por correo ordinario, certificado, mensaxería ou en man no seguinte enderezo: Concello de Sada, Departamento de Cultura. Avenida da Mariña nº 25, CP 15160 Sada (A Coruña). Nun sobre aparte, no que figure o pseudónimo empregado, se introducirá unha folla na que figurarán os seguintes datos de identificación do concursante:

- Nome e apelidos
- Domicilio
- Data de nacemento
- Teléfono de contacto
- Copia do DNI ou documento similar.

ARTIGO 5º. Prazo

As obras terán que presentarse antes do 5 de maio de 2008.

Artigo 6º. Selección

A selección realizarase durante os días seguintes, dando a coñecer os gañadores o día 12 de maio de 2008.

Artigo 7º. Xurado

a) O xurado estará composto por persoal do Departamento de Cultura do Concello de Sada e por persoalidades relevantes do mundo das letras en lingua galega.

b) O xurado resérvase a facultade de declarar deserto algún dos premios convocados.

c) O Concello de Sada reservarase o dereito de publicación para as obras gañadoras.

Artigo 8º. Premios

Establecense cinco premios para os cinco finalistas:

a) Premio para a categoría de maiores de 18 anos de idade:

- 1º Premio 300 € en metálico.

b) Premio para a categoría de 12 a 17 anos de idade

- 1º Premio 200 € en vales para canxear nos comercios do municipio (*)
- 2º Premio 100 € en vales para canxear nos comercios do municipio (*)

c) Premio para a categoría de 8 a 11 anos de idade

- 1º Premio 200 € en vales para canxear nos comercios do municipio (*)
- 2º Premio 100 € en vales para canxear nos comercios do municipio (*)

(*) A lista dos comercios nos que se poderán cambiar os vales será entregada aos gañadores o día da entrega de premios.

Sada, 4 de abril de 2008

O Alcalde

Asdo.: Abel López Soto

08/4372-0

SADA**ANUNCIO**

Bases do I Festival Galego de Curtas. Sada 2008

O sr. Alcalde, mediante o decreto número 487, de data 3 de abril de 2008, prestou aprobación ás seguintes:

BASES DO I FESTIVAL GALEGO DE CURTAS SADA 2008**ARTIGO 1º ORGANIZACIÓN**

A Comisión Organizadora estará formada por 2 membros do Departamento de Cultura do Concello de Sada, 1 Actor e 1 Director de Cine Galego

ARTIGO 2º PARTICIPANTES

Poderán participar todos aqueles que pertenzan ou teñan a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma Galega (acreditando coa copia do DNI)

ARTIGO 3º NORMAS DE PARTICIPACIÓN

- a) Poderán optar aos premios os traballos rodados tanto en 35 mm. como en vídeo-dixital.
- b) As obras presentadas terán que ser enviadas en soporte vídeo-dixital (DVD).
- c) A duración non excederá en ningún caso os 30 min. (créditos incluídos).
- d) A temática do certame é libre.
- e) Non poderán presentarse máis de dous traballos por persoa.

f) As copias dos traballos deben proceder directamente do master. A falta de calidade técnica xustificará a exclusión do traballo presentado.

g) As producións audiovisuais presentadas ao certame poden acompañarse de material de promoción: fotografías, cartazas, etc... (que será exposto durante os días do festival)

h) As obras presentadas deberán ir acompañadas da súa correspondente ficha técnica, ficha de inscrición (anexos 1 e 2) na que todos os campos a cubrir son obrigatorios. A data de produción que deberá ser posterior ao 1 de xaneiro do 2006.

i) As curtas seleccionadas serán emitidas do día 1 ao 3 de maio (en locais do Concello e na Casa da Cultura Pintor Lloréns), sendo a gala de clausura e entrega de premios o día 4 de maio as 19:00 horas, habendo en cada proxección un membro do equipo que realizou a curta para facer unha breve introdución e explicación do mesmo.

j) Na Gala de Clausura, día 4 de maio, é obrigado que se presenten algún dos membros das curtas finalistas

k) Responsabilidades legais. O concursante será o único responsable da súa curtametraxe. A organización do festival declina toda a responsabilidade do curto e o seu contido (imaxes e sons doutros autores) sobre o participante.

l) O material enviado ao inscribirse non será devolto.

m) A participación neste certame supón a aceptación plena destas bases.

ARTIGO 4º INSCRIPCIÓN

a) As inscricións serán realizadas polo director da obra presentada ao certame. A obra deberase acompañar da ficha de inscrición (anexo 1) e a ficha Técnica (anexo 2)

b) Os traballos poderán presentarse ben persoalmente no Ilmo. Concello de Sada (Concellaría de Cultura), ou ben por correo postal dirixido a:

I FESTIVAL DE CURTAS SADA 2008

Ilmo. Concello de Sada

Avenida da Mariña nº 25

15160 Sada, A Coruña

c) Os gastos de envío das obras presentadas correrán a cargo do participante. O certame non se fará responsable dos danos ou perdas dos vídeos, nin atenderá os traballos que non veñan acompañados da documentación requirida (fichas de inscrición).

d) A organización resérvase o dereito a quedar coa copia enviada da curtametraxe, coa finalidade de destinala a arquivo, promoción, propaganda do festival e proxeccións sen ánimo de lucro (sempre previo aviso aos realizadores).

ARTIGO 5º PRAZO

O prazo límite de entrega será o 25 de abril antes das 14:00 horas.

ARTIGO 6º SELECCIÓN

O comité de selección dará a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (www.concellodesada.com), o día 30 de abril os traballos seleccionados a formar parte do concurso.

ARTIGO 7º XURADO

A Comisión Organizadora propondrá un xurado que designará a Alcaldía do Concello de Sada composto por sete membros representantes do Concello de Sada, e profesionais e personalidades relevantes do sector audiovisual.

ARTIGO 8º PREMIOS

a) Outorgarase un premio de 450 € aos tres finalistas máis un premio absoluto que consistirá en 3000 € na produción dunha curtametraxe para o ano 2009 inspirada na vila de Sada, máis un premio de 450€ como premio especial do público.

b) O premio especial do público outorgarase segundo a seguinte valoración:

-20 % votacións a través do blog do festival www.Curtasada.blogspot.com

-50% votacións na urna habilitada en cada unha das proxeccións

-30 % conversas por parte do comité organizador có público asistente as proxeccións

Sada, 4 de abril de 2008

O Alcalde

Asdo.: Abel López Soto

ANEXO 1

FICHA DE INSCRIPCIÓN

NOME E APELIDOS

DNI

DOMICILIO

CP

LOCALIDADE

TELÉFONO

EM@IL

PSEUDÓNIMO

ANEXO 2

FICHA TÉCNICA

TÍTULO

DURACIÓN

SINOPSE

FILMOGRAFÍA DO DIRECTOR

PSEUDÓNIMO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANUNCIO

Aprobación definitiva da modificación puntual do Plan parcial do solo urbanizable programado número 7 SUP-7, Pontepedriña II

Anuncio de aprobación definitiva da Modificación puntual do Plan parcial do solo urbanizable programado número 7 (SUP-7) Pontepedriña II

O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 31 de xaneiro de 2008 adoptou o seguinte acordo:

a) Estimar as alegacións formuladas por CONSTRUCCIONES RUAFER S.A.

b) Aprobar definitivamente a Modificación puntual do Plan parcial do solo urbanizable programado número 7 (SUP-7) -Ponte Pedriña-, coas modificacións, respecto do inicialmente aprobado, que se detallan no informe asinado polo arquitecto de EMUVISSA e que figuran na documentación presentada o 21 de xaneiro de 2008.

c) Requirit de EMUVISSA a presentación dun documento que integre as modificacións acordadas.

O acto de aprobación definitiva do citado Modificación Puntual do Plan Parcial, foi comunicado á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes con data 18 de febreiro de 2008, en cumprimento do disposto polo artigo 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

De acordo co sinalado no artigo 92.2 da LOUG, publícase de seguido o texto íntegro da normativa urbanística de aplicación.

Contra este acordo de aprobación definitiva poderase interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2008

A Concelleira de Urbanismo

Asdo.: Mercedes Rosón Fernández

1. MODIFICACIÓN DA NORMATIVA


1.1. MODIFICACIÓN DO APARTADO “2.2. NORMAS COMÚNS DA EDIFICACIÓN”

Engádense as seguintes condicións, en todos os puntos non desenvolvidos nas mesmas, estarase ao disposto no Plan Parcial

- Permítese o escalonamento dos bloques por alturas de planta completas. O paramento transversal resultante do escalonamento tratarase como unha nova fachada (materiais y composición, apertura de ocos, etc.).

- Permítese a cuberta plana.

- Permítese a creación de áticos, tomando naqueles casos nos que non se defina o seu volume pormenorizadamente nas condicións particulares, os criterios de volume establecidos no Plan Parcial para os espazos baixo cuberta, de tal xeito que queden inscritos dentro da envolvente máxima de cuberta segundo o seguinte esquema:



Esquema indicativo da envolvente máxima de volume en cuberta.

A cuberta destes áticos deberá ser plana, a un auga ou curva, quedando expresamente prohibida a resolución da mesma a dous ou máis augas.

Os áticos computarán edificabilidade a partires dunha altura libre de 1,80 m.

- A altura libre mínima da planta baixa será de 3,40 m para o uso terciario e de 2,50 para o uso residencial. A altura da entreplanta será igual a 3,00 m (medidos entre caras inferiores de forxados acabados). Nos casos nos que a altura libre da planta baixa permita a aparición de entreplantas (a partires de 6,40 m), será obrigatoria a creación das mesmas, computando edificabilidade.

- Non se establece límite de plantas de sótano.

As solucións pormenorizadas defínense posteriormente para cada bloque, xunto co establecemento de alzados esquemáticos nos que se reflicten as condicións volumétricas concretas resultantes da proposta. Dado o seu carácter esquemático, as únicas dimensións gráficas obrigatorias son as acotadas explicitamente, o resto de dimensións cumprirán as condicións sinaladas na presenta memoria.

1.2 MODIFICACIÓN DO APARTADO “2.3. NORMAS PARTICULARES DA EDIFICACIÓN – ARTIGO 21 - MAZAS ORDENANZA 1B”

As seguintes condicións serán de aplicación ás mazas de ordenanza 1B – maza cerrada (maza 4). En todos os puntos non desenvolvidos nas mesmas, estarase ao disposto no Plan Parcial.

En planta, defínense as seguintes aliñacións:

- Aliñación oficial, que correspóndese coa delimitación da parcela.

- Aliñación constructiva obrigatoria en toda a maza, por dar fronte a espazos públicos en todo o seu perímetro, a excepción do oco de comunicación entre a rúa 4 en planta baixa.

- Aliñación constructiva máxima en planta baixa, definindo o oco de comunicación mencionado e a ocupación máxima permitida para a ubicación do portal de acceso.


- Aliñación constructiva máxima en plantas de piso, definindo os dos grandes valeiros de fachada.

- Aliñación constructiva máxima en áticos, limitando as zonas nas que se permite a ubicación de áticos, segundo as condicións xerais anteriormente establecidas.

En canto ás alturas, mantense o criterio xeral de altura máxima do Plan Parcial (B+5).

Permítese a ubicación dun portal de acceso no espacio privado de uso público en planta baixa de superficie inferior a 35 m2 y cerramento transparente en todo o seu perímetro.

Os áticos da edificación cumprirán os criterios do esquema adxunto:



Esquema indicativo da envolvente máxima dos áticos na maza 4.

Os materiais e calidades da urbanización dos espazos privados de uso público serán os definidos no Proxecto de Urbanización.

A edificabilidade será a outorgada polo Plan Parcial vixente, que é a seguinte:

	Maza 4
Máxima Sup. Residencial	7.812,00
Máxima Sup. Comercial	1.856,00

A solución pormenorizada defínese graficamente, xunto co establecemento de alzados nos que se reflicten as condicións volumétricas e estéticas concretas resultantes da proposta. Nestes alzados defínense as condicións de composición e materiais mínimas por medio da división do alzado en superficies ou paños diferenciados, aos que lle serán de aplicación as seguintes condicións:

PAÑO TIPO 1

Se corresponde cos zócalos da fachada á eixo 4.

Se trata de un paño opaco.

Tratarase cos mesmos ou similares materiais que a urbanización das plataformas superiores.

PAÑO TIPO 2

Se corresponde coa superficie de fachada de planta baixa.

Se trata de un paño mixto (opaco - oco), no que os ocos definen os accesos a portais e garaxes e os escaparates dos locais comerciais.

A fin de manter una mínima homoxeneidade e coherencia compositiva nesta zona, establécese a obrigatoriedade de tratar con un mesmo material as zonas opacas, e respectando as seguintes condicións compositivas:

- As zonas opacas comporanse de franxas verticais con un ancho mínimo de 1 metro, sendo obrigatorias aos lados dos ocos formados polos portais de acceso a vivendas o garaxes.

Os materiais das zonas opacas deberán diferenciarse do resto de paños de fachada, e elixiranse de entre os seguintes:

- aplacado de pedra, madeira ou metálico (cores neutros e acabados mate).

- revestimento de morteiro (cores neutros e acabados mate).

O material das zonas de oco será uno dos seguintes:

- carpintería metálica lacada en cores neutros para as zonas acristaladas.

- o mesmo material ou cor anterior para celosías e resto do oco non ocupado por acristalamentos ou celosías.

PAÑO TIPO 2A

Se corresponde có cerramento perimetral do portal de acceso situado no valeiro de planta baixa entre a área libre e o eixo 4.

Se trata de un paño transparente na súa totalidade que deberá garantir a máxima continuidade visual do espazo valeiro de planta baixa, polo que os despieces e seccións das carpinterías serán os mínimos posibles e o material das mesmas será metálico (lacado en cores neutros ou aceiro inoxidable).

PAÑOS TIPO 3-4

Se corresponden coa superficie de fachada de plantas elevadas.

Trátase de dúas franxas horizontais, opaca no paño 3 e mixta (opaco-oco) no paño 4.

O ancho do paño 4 será continuo, coincidirá coa dimensión vertical dos ocos de fachada, e estará comprendido no entorno de 0,5 a 1 veces o ancho do paño 3.

Se permite romper a continuidade horizontal dos paños, creando franxas verticais (opacas, ocas ou mixtas) cumprindo que a suma total das lonxitudes das zonas continuas será superior ou igual ao 60% da lonxitude de fachada (a efectos do cálculo do porcentaxe, a lonxitude mínima para considerar unha zona como continua será de 2 veces o ancho do paño 4).

O material do paño 3 será distinto á do paño 4 e o material das zonas opacas de ambos paños será diferente ao material do resto de paños do edificio (excepto no caso do paño 6, no que se permite igualar materiais có paño 4) e deberán elixirse de entre os seguintes:

- aplacado de pedra, madeira ou metálico (cores neutros e acabados mate coa excepción mencionada no caso de carpinterías).

- fábrica cerámica caravista (cores neutros e acabados mate).

O material das zonas de oco será uno dos seguintes:

- carpintería metálica lacada en cores neutros para as zonas de xanela. Poderán usarse outros cores sempre que formen parte de unha composición horizontal na que as zonas opacas trátanse co mesmo material ou cor que a carpintería.

- o mesmo material ou cor anterior para celosías e resto do oco non ocupado por xanelas ou celosías.

PAÑO TIPO 3A

Trátase dun paño opaco.

O material deberá ser igual ao do paño 3 ou ao do paño 2.

PAÑO TIPO 5

Se corresponde coa superficie de fachada de plantas elevadas.

Trátase dun paño mixto (opaco-oco) de composición libre, no que o porcentaxe de zonas de oco será superior ao 80% da superficie do paño.

O material das zonas opacas será uno dos seguintes:

- aplacado de pedra, madeira ou metálico (cores neutros e acabados mate coa excepción mencionada no caso de carpinterías).

- fábrica cerámica caravista (cores neutros e acabados mate).

O material das zonas de oco será uno dos seguintes:

- carpintería oculta (muro cortina).

- carpintería metálica lacada en cores neutros para as zonas de xanela. Poderán usarse outros cores sempre que formen parte de unha composición horizontal na que as zonas opacas trátanse co mesmo material ou cor que a carpintería.

- o mesmo material ou cor anterior para celosías e resto do oco non ocupado por xanelas ou celosías.

PAÑO TIPO 6

Se corresponde coa zona de coroación do edificio (cornisa e antepeito).

Trátase dun paño opaco, e permítese a formalización dunha cornisa con un canto comprendido entre un mínimo de 30 cm e un máximo igual ao ancho do paño, e un voo máximo de 80 cm.

A altura máxima de coronación do antepeito será de 1,50 m dende a cara inferior do último forxado.

O material será uno dos seguintes:

- aplacado de pedra, madeira ou metálico (cores neutros e acabados mate).

- fábrica cerámica caravista (cores neutros e acabados mate).

ÁTICOS

A fachada dos áticos tratarase como un paño mixto (opaco-oco). A dimensión horizontal das zonas de oco deberá ser igual ou inferior á dimensión vertical.

O material das zonas opacas será diferente ao material do resto de paños de fachada e deberá elixirse de entre os seguintes:

- aplacado de pedra, madeira, cerámico o metálico.

- revestimento de morteiro.

O material das zonas de oco será uno dos seguintes:

- carpintería metálica lacada.

- o mesmo material ou cor anterior para celosías e resto do oco non ocupado por xanelas ou celosías.

1.3. MODIFICACIÓN DO APARTADO “2.3. NORMAS PARTICULARES DA EDIFICACIÓN – ARTIGO 22 - MAZAS ORDENANZA 2”

As seguintes condicións serán de aplicación ás mazas de ordenanza 2 – bloque aberto. En todos os puntos non desenvolvidos nas mesmas, estarase ao disposto no Plan Parcial.

En planta, defínense as seguintes aliñacións:

- Aliñación oficial, que correspóndese coa delimitación da parcela.

- Aliñación constructiva obrigatoria en toda a maza, por dar fronte a espazos públicos en todo o seu perímetro, a excepción do oco de comunicación entre a rúa 4 en planta baixa.

- Aliñación máxima da última planta retranqueada.

En canto ás alturas, mantense o criterio xeral de altura máxima do Plan Parcial (B+5).

Establécese, a efectos de cómputo de plantas e edificabilidade, unha rasante virtual horizontal e escalonada, partindo da rasante real máis alta da maza na rúa superior, e formalizando o escalonamento no punto medio da fachada, tomando como rasante virtual inferior o punto de corte coa línea de unión entre as rasantes reais dos extremos (no caso das mazas 12 e 14, dada a forte pendente da rúa superior, tómase a rasante máis alta en cada bloque, no da maza, e no caso do bloque 12B, non establécese escalonamento, pola pequena diferenza de rasante).

Establécese un zócalo nas edificacións formado por las plantas de soto (segundo a rasante virtual) que emerxen sobre a rasante real. Estes zócalos tendrán a consideración de sotos, e no computarán edificabilidade.

En cuberta, establécese o escalonamento segundo o mesmo criterio que a rasante virtual (punto medio da fachada). A aliñación máxima desta última planta, situada na liña virtual do punto medio, permítese rebasar en 20cm por razóns constructivas.

Os materiais e calidades da urbanización dos espazos privados de uso público serán os definidos no Proxecto de Urbanización. No caso das mazas 9 e 12, permítese a supresión da rampla de acceso á plataforma intermedia sempre que o proxecto de edificación garanta a accesibilidade pública á dita plataforma.

As edificabilidades serán as outorgadas polo Plan Parcial vixente, que son as seguintes:

	Maza 9	Maza 10	Maza 11	Maza 12	Maza 14
Máxima Sup. Residencial	5.373,00	2.093,00	2.861,00	4.969,00	4.820,00
Máxima Sup. Comercial	-	417,00	570,00	-	-

As solucións pormenorizadas para cada bloque defínense graficamente, xunto co establecemento de alzados nos que se reflicten as condicións volumétricas e estéticas concretas resultantes da proposta. Nestes alzados defínense as condicións de composición e materiais mínimas por medio da división do alzado en superficies o paños diferenciados, aos que lle serán de aplicación as seguintes condicións:

PAÑO TIPO 1

Se corresponde cos zócalos.

Se trata de un paño opaco.

Permítese a apertura de ocos de ventilación. Estes ocos formarán parte de composicións horizontais ou verticais con unha proporción mínima de 1:10 e unha dimensión máxima do lado pequeno de 50 cm.

Deberán estar cubertos por celosía.

O material das zonas opacas deberá diferenciarse do resto de paños de fachada, e será o seguinte:

- aplacado de pedra (cores neutros mouros e acabados mate).

- fábrica cerámica caravista (cores neutros e acabados mate).

- formigón visto.

O material dos ocos será o seguinte:

- carpintería metálica lacada en cores neutros e mouros.

- celosías no mesmo material que as carpinterías ou no mesmo material que as zonas opacas.

PAÑO TIPO 2

Se corresponde coa superficie de fachada de planta baixa.

Se trata de un paño mixto (opaco - oco), no que os ocos os definen os accesos a portais e garaxes e os escaparates dos locais comerciais.

A fin de manter unha mínima homoxeneidade e coherencia compositiva nesta zona, establécese a obrigatoriedade de tratar con un mesmo material as zonas opacas, e respectando as seguintes condicións compositivas:

- As zonas opacas comporanse de franxas verticais con un ancho mínimo de 1 metro, sendo obrigatorias aos lados dos ocos formados polos portais de acceso a vivendas ou garaxes.

Os cores ou materiais das zonas opacas poderán igualarse ao paño 1 e deberán diferenciarse do resto de paños de fachada, elixindo de entre os seguintes:

- aplacado de pedra, madeira ou metálico (cores neutros e acabados mate).

- fábrica cerámica caravista (cores neutros e acabados mate).

O material das zonas de oco será uno dos seguintes:

- carpintería metálica lacada en cores neutros para as zonas acristaladas.

- o mesmo material ou cor anterior para celosías e resto do oco non ocupado por acristalamentos ou celosías.

PAÑOS TIPO 3-4

Se corresponden coa superficie de fachada de plantas elevadas.

Trátase de dúas franxas horizontais, opaca no paño 3 e mixta (opaco-oco) no paño 4.

O ancho do paño 4 será continuo, coincidirá coa dimensión vertical dos ocos de fachada, e estará comprendido no entorno de 0,5 a 1 veces o ancho do paño 3.

Se permite romper a continuidade horizontal dos paños, creando franxas verticais (opacas, ocas ou mixtas) cumprindo que a suma total das lonxitudes das zonas continuas será superior ou igual ao 80% da lonxitude de fachada (a efectos do cálculo do porcentaxe, a lonxitude mínima para considerar unha zona como continua será de 2 veces o ancho do paño 4).

O cor ou o material do paño 3 será distinto á do paño 4 e os cores ou materiais das zonas opacas de ambos paños será diferente ao material do resto de paños do edificio (excepto no caso do paño 6, no que se permite igualar materiais có paño 3) e deberán elixirse de entre os seguintes:

- aplacado de pedra, madeira ou metálico (cores neutros e acabados mate coa excepción mencionada no caso de carpinterías).

- fábrica cerámica caravista (cores neutros e acabados mate).

O material das zonas de oco será uno dos seguintes:

- carpintería metálica lacada en cores neutros para as zonas de xanela. Poderán usarse outros cores sempre que formen parte de unha composición horizontal na que as zonas opacas trátanse co mesmo material ou cor que a carpintería.

- o mesmo material ou cor anterior para celosías e resto do oco non ocupado por xanelas ou celosías.

PAÑO TIPO 5

Se corresponde coa superficie de fachada de plantas elevadas.

Trátase dun paño mixto (opaco-oco) de composición libre, no que o porcentaxe de zonas de oco será superior ao 25% da superficie do paño (a zona de oco enténdese formada por xanelas e partes opacas).

O material das zonas opacas será uno dos seguintes:

- aplacado de pedra, madeira ou metálico (cores neutros e acabados mate coa excepción mencionada no caso de carpinterías).

- fábrica cerámica caravista (cores neutros e acabados mate).

O material das zonas de oco será uno dos seguintes:

- carpintería metálica lacada en cores neutros para as zonas de xanela. Poderán usarse outros cores sempre que formen parte de unha composición horizontal na que as zonas opacas trátanse co mesmo material ou cor que a carpintería.

- o mesmo material ou cor anterior para celosías e resto do oco non ocupado por xanelas ou celosías.

PAÑO TIPO 6

Se corresponde coa zona de coroación do edificio (cornisa e antepeito).

Trátase dun paño opaco, no que debe formalizarse unha cornisa con un canto comprendido entre un mínimo de 15 cm e un máximo igual ao ancho do forxado, e un voo máximo de 80 cm.

A altura máxima de coroación do antepeito coincidirá coa liña divisoria entre os paños 6 e 8.

O material será o mesmo que o do paño 3.

PAÑOS TIPO 7-8

Se corresponde coa superficie de fachada da última planta escalonada.

Trátase de dúas franxas horizontais, opaca no paño 7 e mixta (opaco-oco) no paño 8.

O ancho do paño 8 será continuo, coincidirá coa dimensión vertical dos ocos de fachada, e estará comprendido no entorno de 0,5 a 1 veces o ancho do paño 7.

Os materiais ou cores do paño 8 serán os mesmo que os do paño 4 ou 7.

O cor ou material do paño 7 será distinto á do paño 3, e será uno dos seguintes:

- aplacado de pedra, madeira ou metálico (cores neutros mouros e acabados mate).

- fábrica cerámica caravista (acabados mate).

O material das zonas de oco será uno dos seguintes:

- carpintería metálica lacada en cores neutros para as zonas de xanela. Poderán usarse outros cores sempre que formen parte de unha composición horizontal na que as zonas opacas trátanse co mesmo material ou cor que a carpintería.

- o mesmo material ou cor anterior para celosías e resto do oco non ocupado por xanelas ou celosías.

ÁTICOS

A fachada dos áticos tratarase como un paño mixto (opaco-oco). A dimensión horizontal das zonas de oco deberá ser igual ou inferior á dimensión vertical.

O material das zonas opacas será diferente ao material do resto de paños de fachada e deberá elixirse de entre os seguintes:

- aplacado de pedra, madeira, cerámico o metálico.

- revestimento de morteiro.

O material das zonas de oco será uno dos seguintes:

- carpintería metálica lacada.

- o mesmo material ou cor anterior para celosías e resto do oco non ocupado por xanelas ou celosías.

1.4. MODIFICACIÓN DO APARTADO “2.3. NORMAS PARTICULARES DA EDIFICACIÓN – ARTIGO 23 - MAZAS ORDENANZA 3”

As seguintes condicións serán de aplicación á maza de ordenanza 3 – Vivenda pegada en ringleira. En todos os puntos non desenvolvidos nas mesmas, estarase ao disposto no Plan Parcial.

En planta, defínense as seguintes aliñacións:

- Aliñación oficial, que correspóndese coa delimitación da parcela.
- Aliñación constructiva obrigatoria nos frontes a espazos públicos.
- Aliñación constructiva máxima no fronte ao espazo libre privado das parcelas.

En canto ás alturas, mantense o criterio xeral de altura máxima do Plan Parcial (B+1).

Establécese unha rasante virtual horizontal escalonada a efectos de establecemento das plantas de soto e obtención de un escalonamento homoxéneo. As plantas de soto segundo esta rasante virtual consideraranse como zócalo e non computarán edificabilidade.

Permítese a ocupación do subsolo na totalidade da parcela no caso do establecemento de garaxe mancomunado. No caso de garaxes independentes, a ocupación do subsolo será a proxección vertical da planta baixa.

A edificabilidade será a outorgada polo Plan Parcial vixente, que é a seguinte:

	Maza 15
Máxima Sup. Residencial	840,00
Máxima Sup. Comercial	-

As solucións pomenorizadas defínense graficamente, xunto co establecemento de alzados nos que se reflicten as condicións volumétricas e estéticas concretas resultantes da proposta. Nestes alzados defínense as condicións de composición e materiais mínimas por medio da división do alzado en superficies o paños diferenciados, aos que lle serán de aplicación as seguintes condicións:

PAÑO TIPO 1

Se corresponde cos zócalos.

Se trata de un paño opaco. A liña divisoria co paño 2 poderá alcanzar como máximo a cara superior do forxado mais alto da planta baixa en cada vivenda.

Permítese a apertura de ocros de ventilación. Estes ocros formarán parte de composicións horizontais ou verticais con unha proporción mínima de 1:10 e unha dimensión máxima do lado pequeno de 50 cm.

Deberán estar cubertos por celosía.

As zonas opacas deberán diferenciarse no material ou no cor do paño 2 de fachada, e o material será un dos seguintes:

- aplacado de pedra (cores neutros mouros e acabados mate).
- fábrica cerámica caravista (cores neutros e acabados mate).
- formigón visto.

O material dos ocros será o seguinte:

